



24 INICIATIVAS PARA UN PROXECTO ESTRATÉXICO DE FUTURO DO SECTOR VITIVINÍCOLA GALEGO

Por un desenvolvemento sostible social, económica
e medioambientalmente do rural galego

Marzo 2021



Asociación Galega
de Viticultura

FRUGA
FEDERACIÓN RURAL GALEGA

Contido


1. Os números do sector vitivinícola galego.	2
2. Retos de futuro para o sector vitivinícola galego.	9
3. O fondo de Recuperación Next Generation EU	12
4. A necesidade dun <i>PERTE</i> para o sector vitivinícola Galego.	15
4.1. Liñas estratéxicas para o sector vitivinícola galego.	16
A. Transición ecolóxica.	16
B. Transformación dixital.	18
C. Cohesión territorial e social.	19
D. Igualdade de xénero.	22
4.2. Axentes impulsores.	23
5. Epílogo.	24



24 INICIATIVAS PARA UN PROXECTO ESTRATÉXICO DE FUTURO DO SECTOR VITIVINÍCOLA GALEGO.

1. Os números do sector vitivinícola galego.


Segundo o reflectido polo *Instituto Galego de Estatística (IGE)*, nas *Contas Económicas Anuais. Revisión Estatística 2019*, no ano 2018 o sector agroalimentario galego tivo un peso do **6,5%** no PIB da Galiza, cun emprego de **103.045 postos de traballo** e un **Valor Engadido Bruto (VEB)** de **4.071 millóns de euros**. Sendo de lonxe o sector máis puxante entre os sectores característicos da economía galega, recollidos polo *Instituto Galego de Estatística* nas citadas *Contas Económicas Anuais*, como se pode contemplar nas seguintes gráficas correspondentes aos parámetros: peso no PIB, Valor Engadido Bruto e emprego.



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE) (Revisión Estatística 2019)



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE) (Revisión Estatística 2019)



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE) (Revisión Estatística 2019)

E, dentro do **sector agroalimentario** galego, a **vitivinicultura** é actualmente **un dos sectores máis dinámicos**. Segundo a *Enquisa industrial de Produtos de Galiza*, elaborada polo *Instituto Galego de Estatística*, no exercicio 2019 a **elaboración de viño**, con 139 millóns de euros representou case o **4% do valor da produción agroalimentaria galega**, e o **19% das bebidas alcohólicas**. En termos de emprego, segundo o informe anual da industria alimentaria 2015-2016 do *Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación*, o **número de persoas ocupadas na industria do viño**, bebidas espirituosas e outros bebidas alcohólicas representou case o **7% do total da industria alimentaria galega**, ocupando a máis de 1.900 persoas.

Segundo datos da *Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición* o **número de empresas alimentarias relacionadas coa fabricación, elaboración e transformación de viño**, e inscritas no *Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos* en Galiza, ascende a **650 industrias**, e as relacionadas co **envasado de viño a 130 industrias**.

Pero tamén a nivel do sector vitícola do estado español a viticultura galega ocupa un posto de relevancia, segundo o avance do *Informe de Potencial Vitícola* no estado español, do *Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación*, Galiza a 31 de xullo de 2020 tiña un **Potencial Vitícola de 33.689 hectáreas**, das cales estaban plantadas 33.267 e as restantes 622 hectáreas correspondían a dereitos que inda non foran convertidos en autorizacións. E, por outro lado, mentres no conxunto do estado o **Potencial Vitícola** perdeu 226.728 has dende a campaña 2000/2001 até o 2020, **na Galiza este medrou en 1.184 has**. Sendo Galiza dos poucos territorios do estado que incrementaron o seu Potencial Vitícola, conxuntamente con A Rioxa, Baleares, Cantabria, Euskadi.

Segundo isto **Galiza ocupa**, por Potencial Vitícola, **o oitavo posto** dentro **dos 17** territorios que configuran **o estado español**. E dentro da chamada **Cornixa Cantábrica** da península Ibérica **conta**, con diferenza, **coa maior superficie de Potencial Vitícola**. Na seguinte táboa poden verse

as cifras dos distintos territorios do estado en referencia á superficie plantada, dereitos de plantación e potencial vitícola:

Nº Orde	CCAA	Superficie plantada (has)	Dereitos Plantación (has)	Potencial vitícola (has)	%
1	Castela-A Mancha	452.459	21.860	474.319	47,95%
2	Extremadura	79.139	4.246	83.385	8,43%
3	Castela e León	80.506	2.860	83.366	8,43%
4	Valencia	57.634	3.368	61.002	6,17%
5	Cataluña	55.452	4.562	60.014	6,07%
6	A Ríoxa	47.364	509	47.873	4,84%
7	Aragón	35.378	2.561	37.939	3,84%
8	Galiza	33.267	622	33.889	3,43%
9	Andalucía	29.180	1.693	30.873	3,12%
10	Murcia	21.760	1.264	23.024	2,33%
11	Navarra	17.641	561	18.202	1,84%
12	Euskadi	14.498	270	14.768	1,49%
13	Canarias	9.099	0	9.099	0,92%
14	Madrid	8.117	136	8.253	0,83%
15	Illas Baleares	2.730	278	3.008	0,30%
16	Asturias	135	4	139	0,01%
17	Cantabria	120	8	128	0,01%
TOTAL		944.479	44.802	989.281	

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. 31/07/2020

No **Anuario de Estatística 2019**, do *Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación*, recóllese que **a cantidade de uva colleitada** para vinificación, no 2018 na Galiza, **foi de 137.174 toneladas**. Das cales se obtivo unha **producción de 76.337.700 litros de viño** (54.381.400 litros de brancos, e 21.956.300 litros de tintos e claretos).

Outro dato significativo da vitivinicultura galega é que **un 59% do viño obtido** nesa campaña (44.817.800 litros), **foi elaborado ao amparo dunha figura de protección de calidade: *Denominacións de Orixe e Indicacións Xeográficas Protexidas***. Mentres que o 41% restante (31.519.900 litros), o foi como viño de mesa.

E xa en clave interna galega, e en base aos datos da **producción agrícola dos principais cultivos** na Galiza, publicados pola *Consellería do Medio Rural* para o ano 2019, podemos ver a importancia do cultivo do viñado, en referencia aos principais cultivos, en termos de:

- **Superficie de cultivo**, ocupando a **terceira posición** con máis de 24 mil has. É dicir: **o viñado representa o 6,6%** das 355.660 has dedicadas aos principais cultivos agrícolas.
- **Volume de produción**, situándose aquí no **cuarto lugar** con máis de **141 mil toneladas**.

Na seguinte táboa poden observarse os datos dos principais cultivos agrícolas,

CULTIVO	SUPERFICIE (Ha)	PRODUCCIÓN (Tm)
Pradeira	204.157	3.672.990
Millo forraxeiro	69.024	1.847.052
Viñedo	24.134	141.278
Pataca	16.587	371.983
Millo gran	15.801	89.760
Trigo	12.551	34.509
Centeo	4.754	18.512
Feixón seco	2.000	3.331
Feixón seco	1.398	47.001
Repolo	1.199	58.395
Cebola	1.177	30.717
Pemento	1.119	64.881
Tomate	1.037	87.488
Leituga	722	23.122
Total	355.660	

Fonte: Consellería do Medio Rural. 2019

Hai que facer unha mención especial á **vocación e aposta pola calidade** que moitos dos axentes do sector vitivinícola galego **poñen: na produción da uva, elaboración dos seus viños e na comercialización**. A isto tamén está contribuíndo o traballo desenvolvido polos *Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe*, e dos *operadores das Indicacións Xeográficas Protexidas*, que co seu bo facer conseguiron, como xa se dixo, que case o 60% do viño galego se comercialice ao amparo desas figuras de protección e calidade. **O froito dese traballo está conseguindo que os viños producidos na Galiza obteñan recoñecemento no mundo enteiro.**

Actualmente **existen na Galiza 5 Denominacións de Orixe** (Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras), **e 4 Indicacións Xeográficas Protexidas** (Barbanza e Iria, Betanzos, Val do Miño-Ourense e Ribeiras do Morrazo). E, a día de hoxe, están en **marcha os trámites para a aprobación da quinta Indicación Xeográfica Protexida**: a que levará o nome de **Terras do Navia**.

O recoñecemento das características e calidade dos viños, do territorio e a cultura da que son produto, a traveso dunha figura protexida como son actualmente as *Denominacións de Orixe*, dou comezo no ano 1932 na Galiza co “Estatuto do viño” no Ribeiro. Isto fai que a *D.O. Ribeiro* sexa das máis antigas do estado español. Tan só sete anos antes, no 1925, se tiña recoñecida a primeira: a *D.O.P da Ríoxa*.

No ano 1957 aprobouse a *D.O. de Valdeorras*. No 1988 a *D.O. Rías Baixas*, que ten revolucionado o sector vitivinícola galego co seu dinamismo e evolución. No 1992 a *D.O. Monterrei*, e xa no 1995 a *D.O. Ribeira Sacra* que, coa proposta para ser declarado o seu territorio coma *Patrimonio da Humanidade*, ven a destacar que a unión de viticultura, patrimonio histórico, cultural e paisaxe constitúen uns dos elementos principais de posta en valor dun territorio.


A historia das **Indicacións Xeográficas Protexidas** de viños galegos é moito máis recente, pero isto non desmerece o seu valor. O patrimonio histórico e cultural dos seus territorios, a súa tradición vitivinícola, o potencial dos seus viños e, fundamentalmente, a enerxía das persoas impulsoras da súa aprobación, que deron o salto da viticultura á elaboración como un paso máis na conservación e posta en valor de todos eses valores, transcende para os seus territorios e a sociedade dos mesmos, e para o conxunto da vitivinicultura galega, a simple actividade económica.

A primeira *Indicación Xeográfica Protexida* de viños galega en aprobarse foi a *I.X.P. Val do Miño* no ano 1987. Seguida despois pola *I.X.P. Betanzos* (2000), a *I.X.P. Barbanza e Iria* (2006) e por último a *I.X.P. Ribeiras do Morrazo* (2017). E como xa se ten dito a finais do ano 2020 iniciáronse os trámites para conseguir a aprobación da *I.X.P. Terras do Navia*.

Pero é necesario sinalar aquí que **o proceso de dar cobertura con figuras de protección**, aos distintos territorios vitivinícolas da Galiza, **non está rematado**. Quedan territorios e riquezas no universo dos viños galegos por recuperar en poñer en valor.


O futuro da vitivinicultura galega non é exclusivo daquela que se desenvolve na actualidade ao amparo das *D.O.* e *I.X.P.*, pero si depende en boa medida do traballo que se está a facer polos operadores que traballan ao seu amparo. Por iso é necesario ver a súa realidade actual en cifras.

As **8.405 hectáreas inscritas nas D.O. e I.X.P.** de viños galegas **representan un 35%** das **24.134 has** de superficie plantada a viñedo na Galiza, segundo o *Rexistro Vitícola Galego (RVG)*.



Fonte: Consellería do Medio Rural. 2019

Pero as **64.277 toneladas de uvas colleitadas** nas *D.O.* e *I.X.P.* representan un **45% das 141.278 toneladas colleitadas** no País. Este último dato, que sinala **unha produtividade dun 55% maior na superficie cultivada nas *D.O.* e *I.X.P.***, reflicte a maior profesionalización do sector ao amparo das figuras de calidade.



Fonte: Consellería do Medio Rural. 2019

Para ver o impacto do sector vitivinícola galego, no tecido socioeconómico do rural galego, vexamos as cifras do conxunto das *D.O.* e *I.X.P.*, nos principais parámetros, do ano 2019:


Produtores	10.768
Industrias	467
Produción (l viño)	38.181.800
Viño cualificado (l viño) <i>(A cualificación pode corresponderse á produción de varios anos)</i>	46.362.500
Valor económico estimado (€)	231.500.000

Fonte: Consellería do Medio Rural. 2019

Se ao valor económico lle engadimos o estimado para as *I.X.P. de Augardentes e Licores Tradicionais* de Galiza, de 4,6 millóns de euros, **o valor económico estimado da produción do sector**, durante o ano 2019, **ascendeu aos 236 millóns de euros**.


Gran parte desta produción tivo como destino a exportación. Así temos que no ano 2019, segundo o datos do *Instituto Galego de Estatística*, **o volume do comercio exterior e intracomunitario galego**, no capítulo de bebidas, líquidos alcohólicos e vinagre, **foi de 104 millóns de euros**, o que representa case o 45% do valor estimado de produción.

O noso maior destino de exportación é Europa (68%), seguido de América (22%). Na seguinte gráfica podemos ver a distribución da exportación por destino:



Fonte: Instituto Galego de Estatística

A importancia do sector vitivinícola galego tamén se pode verse en relación ao valor económico estimado para os *Produtos Galegos de Calidade*. Así temos que no ano 2019 **o valor económico estimado**, para o total dos *Produtos Galegos de Calidade*, foi algo máis de **499 millóns** de euros. Polo tanto, **o sector do viño cualificado** veu representar case o **48%** dos mesmos. Na seguinte gráfica pode observarse a distribución dos mesmos



Fonte: Consellería do Medio Rural. 2019

2. Retos de futuro para o sector vitivinícola galego.

A día de hoxe moitas son as fronteas abertas que ten a vitivinicultura galega. Máis aló dos propios problemas estruturais, que os temos e non son poucos, veuse enriba a crise económica resultante das medidas adoptadas, polos distintos gobernos, para afrontar a crise sanitaria da COVID19 e que pechou as ventas nos nosos principais canais: HORECA e exportacións. Máis ca nunca é necesario ter trazado un plan de traballo que lle permita ao sector seguir no camiño dun desenvolvemento sostible e dinamizador da economía galega.

Antes do inicio da pandemia da COVID19, ao analizar as ameazas e debilidades do sector, poñíase a atención en cuestións como:

AMEAZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Brexit • Aranceis ás exportacións (USA) • Reforma da <i>Política Agraria Común (PAC)</i> • Reforma do <i>Programa de Apoio ao Sector Vitivinícola Español (PASVE)</i> • Dinámicas globalizadoras do capital • Risco de grandes inversións especulativas • Países emerxentes no mundo do viño • Cambios nos hábitos de consumo 	<ul style="list-style-type: none"> • Desertización do rural: avellentamento da poboación e abandono da terra • Falta de man de obra • Acceso a dereitos de plantación • Acceso á terra • Pouco desenvolvemento e profesionalización na comercialización • Reducido hábito de consumo interno • Reducido dimensionamento da maior parte das iniciativas • Inversión en I+D+i

Pero a importancia da actual crise sanitaria, a súa prolongación no tempo e as consecuencias económicas das medidas adoptadas polas *Administracións* para o seu control e erradicación, case fixeron que se esvaecean do día a día a importancia a futuro dalgunhas delas como: os aranceis proteccionistas de países coma USA, as consecuencias do BREXIT; e tamén case perdemos de vista as consecuencias que pode traer para o sector a reforma da *Política Agraria Común (PAC)*, que xa a temos petando na porta, e as escasas axudas que chegan ao sector tanto por parte da Xunta de Galiza coma de fondos europeos, coma é o caso do *Programa de Apoio ao Sector Vitivinícola Español (PASVE)*.

Todas as ameazas e debilidades presentes fai un ano seguen a estar actualmente entre os retos que debe afrontar a vitivinicultura galega para o seu futuro máis inmediato, e merecen unha análise detallada das súas causas e a formulación de liñas de traballo acaídas para enfrontalas. Pero neste momento toca, pola gravidade da crise económica en que estamos, a resultados do primeiro impacto que supón o peche dos canais de comercialización, analizar os efectos que a pandemia está a traer para o sector vitivinícola.

Entre os efectos máis destacados temos:

- Caída do consumo local co peche da canle HORECA. Isto está a ter unha repercusión maior nas adegas de menor dimensión e con poucos recursos para intentar recorrer á exportación.
- Caída das exportacións mundiais de viño como consecuencia da contracción do consumo polos efectos globais da pandemia.
- O incremento entre os produtores do comercio “en liña” coa inauguración de tendas virtuais e a oferta de servizos de envío. Acompañado pola posta en marcha doutras actividades como foron as degustacións a distancia. Isto está a supoñer unha transformación dixital do sector do viño.
- A crise económica, e a perda de poder adquisitivo de boa parte da poboación, pode traer consigo unha diminución no consumo, ou polo menos nos viños de máis alto valor económico.
- A crise económica tamén traerá outras consecuencias entre os produtores:
 - o O peche de empresas que non dean soportado a caída de vendas sen programas de axudas do Goberno.
 - o A concentración do sector en mans de empresas, ou fondos de inversión, cunha maior capacidade económica para resistir esta crise.
 - o E como derivada o aprazamento das inversións previstas para a adaptación do sector ao cambio climático e ao obxectivo da sostibilidade ecolóxica

Os retos urxentes aos que se enfronta o sector vitivinícola galego, a maiores dos intrínsecos e estruturais que xa tiña, son:

- a) A prolongación no tempo, tanto a nivel local como mundial, das medidas preventivas adoptadas como consecuencia da crise sanitaria da COVID19
- b) A situación económica resultante e a evolución da posterior recuperación
- c) A recuperación da canle HORECA e o turismo
- d) A alteración das canles de vendas do viño. Incremento do comercio minorista e en liña.
- e) A busca de novas canles de venda. O incremento dos consumidores directos e os servizos de entrega como consecuencia nun cambio de comportamento dos consumidores
- f) A necesidade de redución de custos e aproveitar os programas de axudas públicas
- g) A adaptación do sector ao cambio climático e ao obxectivo da sostibilidade ecolóxica

Ao respecto da necesidade de aproveitar os programas de axudas públicas o sector vitivinícola galego debe traballar, con urxencia, na formulación de propostas de proxectos que, enfrontando os problemas inmediatos e tamén os estruturais, aproveiten a oportunidade que se presenta a traveso dos recursos que a *Unión Europea* vai mobilizar co *Fondo de Recuperación Next Generation EU*, por un importe de 750.000 millóns de euros, e nos que o estado Español pode ter un acceso até uns 152.000 millóns para executar entre o 2021 e o 2026.

Tendo en conta que o obxectivo destes fondos é apoiar a inversión e as reformas que permitan unha recuperación sostible e resiliente, facendo fincapé nas prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea, de seguro que moitas das reformas que se necesitan acometer no sector vitivinícola galego, por parte da *Administración* e tamén da *iniciativa privada*, poden apoiarse neste instrumento de apoio económico para dar un salto transformador nun sector estratéxico para a economía galega, e fundamental en termos de fixación de poboación e sostén no noso rural.

Pero a urxencia neste traballo non nos pode facer perder de vista a necesidade de lanzar propostas en temas tamén prioritarios como son: as modificacións necesarias no *Programa de Apoio ao Sector Vitivinícola Español (PASVE)*, e a reforma da *Política Agraria Común (PAC)* que está en marcha. O primeiro, pola súa estrutura e obxectivos, está a achegar poucos recursos ao sector vitivinícola galego, e o segundo vai condicionar o seu desenvolvemento futuro.



3. O fondo de Recuperación Next Generation EU

O Fondo de Recuperación Next Generation EU é o mecanismo habilitado, polo Consello Europeo, para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais da pandemia da COVID-19. Ten un importe de 750.000 millóns de euros. Os dous instrumentos de maior volume do Next Generation EU son:


- O Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR), dotado con 672.500 millóns de euros.
- O REACT EU, dotado con 47.500 millóns de euros.

O estado español pode ter **acceso a 152.000** millóns de euros do Next Generation EU, segundo a seguinte estrutura:


INSTRUMENTO	OBXECTIVO	FÓRMULA	IMPORTE (Millóns €)	PAZOS EXECUCIÓN	ASIGNACIÓN
Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MMR)	Inversións e reformas para unha recuperación sostible e resiliente, promovendo as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE	Transferencias non reembolsables	60.000	- 70% comprometidos 2021-2022	- 70% sobre indicadores económicos previos á pandemia. - 30% sobre a evolución económica do período 2020-2022
		Préstamos	80.000	- 30% comprometidos finais 2023 Prazo execución até 2026	
REACT EU	Fondos estruturais para a recuperación ecolóxica, dixital e resiliente da economía		12.000	2021 - 2022	

Os fondos do Next Generation EU **non substitúen** aos Fondos Estruturais, pero poden usarse para dar apoio adicional á financiación doutros proxectos de inversión e reformas que recorran a outros fondos, ou programas, da UE. Si estarán suxeitos ás normativas de competencia e de axudas do Estado.

Teñen **catro obxectivos** principais:



E están **dirixidos** a:



No ámbito do *Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR)* o **Goberno Central ten establecido sete ámbitos obxectivo para estes fondos:**

1. **Activación.** Posta en marcha de tecnoloxías limpas e aceleración do desenvolvemento e o uso das enerxías renovables.
2. **Renovación.** Mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
3. **Carga e reabastecido.** Fomento de tecnoloxías limpas para acelerar o uso dun transporte sostible, accesible e intelixente.
4. **Conexión.** Despregue rápido de servizos de banda ancha rápida en todos os territorios e fogares, incluídas as redes de fibra e 5G.
5. **Modernización.** Dixitalización da Administración e os servizos públicos.
6. **Ampliación.** Aumento das capacidades industriais en materia de datos na nube e desenvolvemento de procesadores de última xeración e sostibles.
7. **Reciclado e perfeccionamentos profesionais.** Adaptación dos sistemas educativos en apoio das competencias dixitais e a educación e formación profesional a todas as idades.

A desenvolver en **10 políticas panca e 30 liñas de acción** de tipo regulamentario e de impulso á inversión.

As Políticas panca definidas son:

1. *axenda urbana e rural.* Cohesión territorial;
2. *infraestruturas e ecosistemas con resiliencia;*
3. *transición enerxética xusta e inclusiva;*
4. *Administración pública* do século XXI;
5. *modernización e dixitalización do ecosistema industria-servizos e da pyme,* impulso ao emprendemento;
6. *pacto pola ciencia e a innovación;* reforzo do Sistema Nacional de Saúde;
7. *educación e formación continua,* desenvolvemento de capacidades;
8. *nova economía dos coidados e políticas de emprego;*
9. *impulso da industria da cultura e o deporte;* e
10. *modernización do sistema fiscal.*

A xestión dos Fondos e o filtro aos proxectos presentados, para seren incluídos, será competencia da Administración Central do Estado Español.

No que respecta ao **Goberno da Xunta de Galiza**, polas declaracións que se foron producindo por distintos responsábeis, en prensa e nalgunhas reunións sectoriais sen respaldo documental, ten **elaborada unha candidatura** para optar aos *Fondos Europeos Next Generation* denominada "*Polo para a Transformación de Galicia*", con **4 proxectos tractores e 4 transversais**.

Para o sector agrario existirían dous proxectos:

- A. *Fábrica de fibra téxtil e proxecto de xestión forestal "sostible" dos montes galegos*. Contaría cun investimento aproximado de 800 millóns de euros.
- B. *Proxectos de recuperación de terra agrícola, forestal, aldeas modelo...* O obxectivo sería a mobilización de 18.000 has. Non hai referencias do investimento estimado para este capítulo.

Dentro do proxecto de **recuperación de terra agrícola parece que se contempla a mobilización de terra para plantacións de viñedo** (existirían **conversas cos Consellos Reguladores para mobilizar 200 hectáreas por Denominación de Orixe**, é dicir unhas **1.000 hectáreas máis de viñedo**), investimentos para proxectos de varias cooperativas, empresas produtoras...

Máis aló da declaración de intencións xenérica de incrementar en 1.000 hectáreas as plantacións de viñedo, á hora de redactar este documento **non se tivo acceso a unha información clara e detallada das liñas de traballo** que estarían a **impulsarse dende a Consellería do Medio Rural, en referencia ao sector agroalimentario nin moito menos para o sector vitivinícola, nin de cales son os seus obxectivos estruturais de recuperación e transformación para un sector piar na economía galega**, e tamén fundamental para o mantemento do medio rural, nin quen son os interlocutores económicos e sociais nos que se están apoiando para marcar as estratexias de futuro, e moito menos quen serán beneficiarios directos deses proxectos. Recordemos que, inda que nalgún medio de comunicación se refiran aos impulsores privados dos "supostos" proxectos presentados como "mecenás", estamos a falar de captar fondos públicos para investir en proxectos privados.

Hai unha oportunidade de facelas cousas ben e, aproveitando os recursos públicos dispoñibles, sentalas bases para unha verdadeira recuperación e transformación do medio rural galego a traveso do que xa temos como potencial: agricultura, gandería, forestal, industria de transformación, servizos, etc., sempre e cando saibamos manter o obxectivo económico-social, de País, destas inversións e situando na súa xusta esfera os macroproxectos "estrela" que acaban sendo un sumidoiro de recursos públicos, para seguir implantando un modelo industrial extractivo de recursos do territorio, sen o correspondente retorno económico e social para o mesmo e os seus lexítimos propietarios.

4. A necesidade dun **PERTE** para o sector vitivinícola Galego.

Para a **Asociación Galega de Viticultura** o sector vitivinícola galego necesita dispoñer, nas actuais circunstancias xa con carácter prioritario, dun **Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE) propio**, elaborado co obxectivo de mobilizar recursos humanos e económicos que dinamicen o noso rural, e poida servir de panca para axudar a reverter a situación de abandono social, territorial e de actividades económicas.

Un **PERTE** entendido como un proxecto de carácter estratéxico, con gran capacidade de arrastre para o crecemento económico, o emprego e a competitividade da economía. Que é o literal do contemplado no *Real Decreto Lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)*.

Un *Proxecto Estratéxico* claro e ambicioso, no obxectivo de mobilizar o tecido produtivo e social do noso medio rural, para conseguir a transformación do sector vitivinícola galego. Un Proxecto que debe ser impulsado dende a Administración do Goberno Galego e coordinado cos axentes implicados no sector e no territorio. Un proxecto que teña como referencia, cando menos, dous obxectivos marco:

- a recuperación económico-social, das familias relacionadas co sector vitivinícola, das consecuencias da crise da pandemia da COVID-19,
- a súa transformación, sen perder as raíces do propio, e desenvolvemento das capacidades para converterse nun pilar tractor da actividade agroalimentaria galega e por elo da economía da Galiza.

E que teña en conta criterios como os recollidos no citado R.D. Lei 36/2020, de 30 de decembro:

1. Que represente unha importante contribución ao crecemento económico, á creación de emprego e á competitividade da industria e d economía, tendo en conta os seus efectos de arrastre positivos no mercado interior e na sociedade.

2. Que permita combinar coñecementos, experiencia, recursos financeiros e actores económicos, coa finalidade de remediar importantes deficiencias do mercado ou sistémicas e retos sociais aos que non se podería facer fronte doutro xeito.

3. Que teña un importante carácter innovador ou achegue un importante valor engadido en termos de I+D+i, por exemplo, posibilitando o desenvolvemento de novos produtos, servizos ou procesos de produción.

4. Que sexa importante cuantitativa ou cualitativamente, cun tamaño ou un alcance particularmente grandes, ou que supoña un nivel de risco tecnolóxico ou financeiro moi elevado.

5. Que favoreza a integración e o crecemento das pequenas e medianas empresas, así como o impulso de ambientes colaborativos.

6. Que contribúa de forma concreta, clara e identificable a un ou máis obxectivos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da economía española, en particular no que se refire aos obxectivos marcados a nivel europeo en relación co Instrumento Europeo de Recuperación.

Os dous obxectivos marco, definidos anteriormente para un *PERTE do sector vitivinícola galego*, teñen un aliñamento estratéxico cos catro eixes transversais que o Goberno do Estado Español ten definido para o *Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia “España puede”*:

- a transición ecolóxica,
- a transformación dixital,
- a cohesión territorial e social,
- e a igualdade de xénero

A estrutura e planificación do *Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica do sector vitivinícola Galego* debe permitir que as iniciativas e proxectos, tanto públicos como privados, deseñados para acadar os dous obxectivos marco definidos, poidan ter acceso á inxección de recursos económicos que supón o *Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR)*, tendo como norte aspectos como: o crecemento, emprego, competitividade, combinación de coñecemento-recursos-actores, ecosistemas participativos, innovación-valor engadido-i+d+i, cohesión social e territorial.

4.1. Liñas estratéxicas para o sector vitivinícola galego.

A partir dos obxectivos marco, para un *PERTE do sector vitivinícola galego*, deben establecerse liñas estratéxicas para que este avance nun desenvolvemento económico sostible, na modernización e na competitividade dos tres segmentos que compoñen o sector:

- Viticultura
- Enoloxía
- Comercialización

Tomando como referencia estrutural os catro eixes transversais do *Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia “España puede”* do Goberno Central, propóñense as seguintes liñas estratéxicas para un *PERTE do sector vitivinícola galego*.

A. Transición ecolóxica.

LE 1. Investigación e recuperación de castes autóctonas, da diversidade clonal e de patróns. Creación dun Banco de Xermoplasma Víticola Galego.

En Galiza hai máis de 70 castes de vide recoñecidas por distintos autores. Desas só 30 están como *Variedades Autorizadas* no rexistro establecido polo Ministerio de

Agricultura, Pesca e Alimentación. E destas últimas só teñen relevancia económica na súa explotación unhas 12.

Hai autores que entenden que inda hai castes por descubrir, pero si é un feito sabido que moitas das castes tradicionais, conservadas ao longo dos séculos por todos os territorios vitícolas galegos, están en risco de desaparición por mor do abandono do cultivo e da substitución polo auxe de castes con recoñecido rendemento económico.

Para conservar todo o potencial varietal e xenético da riqueza vitícola galega é necesaria a creación dun Banco de Xermoplasma Vitícola Galego, que non só conserve senón que dea impulso á investigación e recuperación de castes autóctonas, da diversidade clonal e de patróns.

LE 2. Investigación e mellora xenética do potencial vitícola/económico das castes autóctonas.

É necesario abrir liñas de investigación sobre o potencial vitícola, e de mellora xenética, de todas as castes autóctonas. Este potencial situaranos no posible potencial económico de cada unha delas.

LE 3. Viticultura sostible económica, medioambiental e socialmente.

É necesaria unha transformación das explotacións vitícolas cara unha viticultura sostible en termos económicos, medioambientais e sociais. Impulso a proxectos que aposten por esta transformación en aspectos como: a optimización dos tratamentos fitosanitarios e adubos, a redución de insumos, a viticultura de precisión...

Pero tamén é necesario o apoio a proxectos que impulsen formas de cultivo alternativos que maximicen un maior respecto ao medio ambiente, como poden ser a viticultura ecolóxica, a viticultura biodinámica, etc., que están na demanda dun número crecente de persoas consumidoras e que, a maiores do compromiso ético e medioambiental dos seus produtores, tamén lles supón un aumento do seu valor engadido.

LE 4. Sistema de alertas fitosanitarias de ámbito galego.

A previsión, e anticipación, aos problemas fitosanitarios na vide é fundamental non tan só para garantir unha colleita que posibilite un rendemento económico ao esforzo do cultivo, senón tamén para optimizar o emprego de tratamentos fitosanitarios.

Por iso é necesaria a creación dun sistema de alertas fitosanitarias de ámbito galego que, en tempo real, poida facer un seguimento das condicións medioambientais e das distintas enfermidades e pragas, e lanzar os avisos e notificacións que lles permitan ás explotacións adoptar as medidas preventivas e paliativas necesarias.

Este sistema debe estar aberto ao resto das producións agro-forestais, buscando as sinerxías necesarias entre todas elas.

LE 5. Xestión de bioresíduos en explotacións e adegas. Colaboración con outros sectores agrarios, gandeiros e forestais.

Na vitivinicultura xéranse bioresíduos que é necesario xestionar de xeito eficiente e medioambientalmente sostible. É necesario poñer en marcha proxectos que, buscando sinerxías con outros sectores, ofrezan alternativas na súa xestión.

Este sistema debe estar aberto ao resto das producións agro-forestais, buscando as sinerxías necesarias entre todas elas.

LE 6. Implantación de sistemas eficiencia enerxética e enerxías renovábeis. Sistemas de autoconsumo.

Apoio a que en toda a cadea vitícola, dende as explotacións até a comercialización, se implanten sistemas que primen a eficiencia enerxética, a incorporación de enerxías renovábeis nos insumos, e incluso sistemas de autoconsumo.

LE 7. Modernización de maquinaria, sistemas e instalacións.

Apoio á renovación e incorporación, nas explotacións e adegas, de maquinaria, sistemas e instalacións responsables e compatibles coa sostibilidade e a eficiencia económica e medioambiental.

LE 8. Proxecto de cartografía de solos dos territorios vitícolas.

Elaboración dun mapa dos tipos de solos presentes nos distintos territorios vitícolas galegos. Un mapa que partindo de aspectos como: inventario morfolóxico, extensións, clasificación, propiedades, etc., permita aproximarse a unha zonificación para as distintas castes, e que, conxuntamente, con factores como o clima, a exposición, a orientación, etc., permita a evolución a viños con características distintivas, con especificidades espaciais e sinais de identidade da viticultura tradicional.

Punto especial merece a necesidade de identificar e caracterizar os territorios e predios da microviticultura tradicional e as castes relacionadas con eles.

B. Transformación dixital.

LE 9. Actualización e dixitalización dos Consellos Reguladores.

Apoio á actualización e dixitalización da xestión, procesos e/ou control propia dos Consellos Reguladores, como garantes da vitivinicultura de calidade ligada ao seu territorio.

LE 10. Actualización e dixitalización de adegas e explotacións. Xestión. Trazabilidade.

Apoio á actualización e dixitalización da xestión, procesos produtivos, controis internos e trazabilidade dos produtos, tanto para as explotacións vitícolas como para as adegas e a comercialización. Incluindo a garantía de acceso a comunicacións de calidade, acceso a programas de xestión axeitados, etc.

LE 11. Acceso á divulgación, comercialización dixital e as canles de exportación para as pequenas e medianas adegas.

Apoio ás pequenas e medianas adegas, e á distribución, no acceso á comercialización dixital e as canles de exportación tanto intraeuropeas como ao resto do mundo.

Impulso a fórmulas de traballo colaborativo entre produtores, adegas e consumidores que permitan a creación e/ou acceso a *Plataformas de Ventas e Centrais de Compras*.

LE 12. Actualización, dixitalización e simplificación dos trámites coa Administración.

Proxecto de simplificación dos procesos, procedementos e trámites esixibles pola Administración na súa relación coas explotacións, adegas e comercialización. Dixitalización e simplificación deben ser as chaves, evitando duplicidades e/ou reiteración de procesos e procedementos (ex. un dato, ou documento, en poder dun órgano da Administración non debería ser requirido por outra Administración).

C. Cohesión territorial e social.

LE 13. Plan de protección e facilidade de acceso a terras de aptitude vitícola. Activación do BANTEGAL.

Fronte ao abandono dos cultivos, e a arrinca das vides, é necesario o desenvolvemento dun plan de protección tanto das “cepas vellas” como do solo con aptitude vitícola demostrada historicamente pola súa tradición do cultivo.

Isto debe ir acompañado dun plan de acceso ás terras con aptitude vitícola tanto para a ampliación da base territorial de explotacións existentes, como de implantación de novos proxectos vitícolas. A Administración Galega xa conta cunha ferramenta para este proceso: o *Banco de Terras de Galiza (BANTEGAL)*, só necesita directrices, medios e recursos.

LE 14. Plan de actualización e dixitalización do Rexistro Vitícola Galego (RVG). Reserva Galega de dereitos de plantación.

O Rexistro Vitícola Galego (RVG) é o eixe sobre do que se articula a xestión e control do sector vitivinícola galego por parte da Administración, pero na actualidade presenta importantes eivas tanto na súa base de datos, como nos procesos de actualización e

rectificación. É necesario un plan de actualización e dixitalización do RVG, na súa xestión e nos procedementos de trámite coas explotacións e persoas viticultoras.

Coa normativa actual o acceso a dereitos de ampliación, sexa para ampliación dunha explotación como para implantación dunha nova, é moi difícil. Pero por outro lado estamos a ter unha diminución do Potencial Vitícola na Galiza pola perda de dereitos, ben sexa polo abandono do cultivo, a arrinca sen permiso ou mesmo por obras públicas que destrúen viñedos. É necesario buscar fórmulas que permitan a creación dunha Reserva Galega de dereitos de plantación xerada, por exemplo, a partir da perda de Potencial Vitícola provocada por arrincas non xestionadas axeitadamente segundo a normativa existente, e que permita a súa posta a disposición das iniciativas de novos proxectos.

LE 15. Recuperación do papel dinamizador e de servizos das Oficinas Agrarias Comarcais.

O persoal técnico das Oficinas Agrarias, distribuídas ao longo do País, desempeñou historicamente un papel activo na dinamización agrogandeira e forestal do seu ámbito territorial de acción. Dinamizando os distintos sectores, formando e axudando, facendo o que actualmente se coñece como transferencia tecnolóxica e de coñecementos, asesorando nos trámites administrativos ás persoas titulares de explotacións ou sinxelamente de terras.

Este servizo veuse reducido á mínima expresión cos recortes que sufriron nos últimos anos as *Oficinas Agrarias Comarcais (OAC)*, por decisión dos responsábeis da Consellería do Medio Rural, en recursos humanos e dotación material. Así temos, por exemplo, que a maior parte do territorio dunha Indicación Protexida vitivinícola como é a de Ribeiras do Morrazo dispón dun día á semana (nun pequeno despacho situado na Casa da Cultura de Cangas do Morrazo), para que as necesidades das persoas titulares de explotacións sexan atendidas por un técnico, que se ten que desprazar dende a *Oficina Agraria Comarcal de A Cañiza* a máis de 90 km de distancia. O resto do territorio ten máis sorte, só ten que desprazarse 30 km até a *Oficina Agraria Comarcal de Vilagarcía de Arousa*.

É urxente e necesario recuperar o papel dinamizador, de asesoramento e prestación de servizos administrativos das Oficinas Agrarias Comarcais, mediante a axeitada dotación de recursos humanos, técnicos e administrativos, así como materias e de equipamento.

LE 16. Proxectos de impulso ás Denominacións de Calidade Vitivinícola, e aprobación de novas figuras de protección nas áreas de tradición vitícola en territorios fóra das actuais.

O desenvolvemento futuro da vitivinicultura galega pasa necesariamente pola Calidade na elaboración e comercialización dos nosos viños. Na actualidade, en boa medida, o respaldo a unha figura de calidade dos produtos dun territorio está apoiada na figura das

Denominacións de Orixe e as Indicacións Xeográficas Protexidas. Son necesarios proxectos de apoio e impulso a esas figuras de Denominación de Calidade Vitivinícola.

É necesario ampliar o recoñecemento de figuras de calidade a aqueles territorios de recoñecida tradición vitivinícola en Galiza que, a día de hoxe, están fóra dos comprendidos nas *DO* e *IXP* actuais.

LE 17. Apoio á formación e estabilización laboral de persoas traballadoras na viticultura.

A falta de man de obra cualificada para o desenvolvemento de traballos nos predios vitícolas fai necesario un plan de apoio á formación e á creación de emprego nas explotacións, impulsando a súa profesionalización.

LE 18. Ampliación da oferta en formación universitaria nas especialidades de viticultura e enoloxía.

Camiño dunha maior profesionalización do sector vitivinícola galego é necesaria a incorporación de persoas mozas con formación técnica en viticultura e enoloxía. É necesario un proxecto de ampliación da oferta universitaria nestes campos, pero este proxecto debe ir da man coas empresas produtoras e elaboradoras, buscando non só unha formación teórica e académica senón tamén cubrir as necesidades das entidades demandantes, e receptoras, de persoal técnico cualificado.

LE 19. Plan Formativo en hostalería, distribución, comercio e turismo enolóxico.

Os plans formativos non poder ser exclusivos para os sectores produtivos, é necesario dispoñer de persoal formado no sector dos servizos. Por iso hai que artellar un plan formativo que dote a sectores fundamentais para o mundo do viño como son: a hostalería, a distribución, o comercio e o turismo, dos coñecementos necesarios para a posta en valor dos viños galegos diante da cidadanía e persoas consumidoras.

LE 20. Planificación forestal, formación e desenvolvemento empresarial para obtención de madeiras de calidade para a enoloxía (castiñeiro, carballo e outros).

O monte galego ten capacidade para a produción de madeiras de calidade demandadas polas adegas. É necesario un Proxecto de sinerxías entre o mundo do viño e o forestal que permita unha planificación forestal e unha formación, que favoreza o desenvolvemento de iniciativas empresariais para a obtención, e transformación, de madeiras de calidade de interese para o mundo do viño interno, e tamén de fóra de Galiza.

LE 21. Proxecto de investigación e divulgación histórica e arqueolóxica da vitivinicultura galega.

A historia da tradición vitivinícola galega, das súas raíces e cultura, inda é unha gran descoñecida. É necesario impulsar un proxecto de investigación e divulgación histórica da tradición vitivinícola galega, e non tan só por recuperar o coñecemento das nosas raíces, que tamén, senón porque ese coñecemento, e a súa posta en valor, é unha ferramenta de traballo para o propio sector a traveso de distintas actividades económicas, como pode ser por exemplo o enoturismo.

LE 22. Proxectos de Rutas Enográficas. Sinerxías: cultura do viño, arqueoloxía e patrimonio histórico, cultural e natural.

Os territorios vitivinícolas galegos conteñen unha gran riqueza xenética con vides senlleiras, amén da riqueza patrimonial, histórica, cultural, paisaxística, etc. A combinación destes elementos xirando ao redor do viño dun territorio, fornece dos elementos necesarios para desenvolver iniciativas de Proxectos de Rutas Enográficas que resulten atraentes para unha gran cantidade de público. O incremento da afluencia de visitantes a traveso do enoturismo permitiría complementar a actividade económica dun territorio e xerar máis riqueza a partir da vide.

LE 23. Programas de formación e inserción laboral, orientados ao sector vitícola, de persoas en risco de exclusión social.

A falta de man de obra na viticultura, en moitos dos territorios vitícolas galegos, permite o desenvolvemento por parte da Administración Galega, en combinación coas explotacións, de programas de formación, e inserción laboral, para persoas en risco de exclusión social.

D. Igualdade de xénero.


LE 24. Programas de participación e incorporación da muller en tódolos ámbitos do sector.

A participación da muller en igualdade de condicións en tódolos ámbitos do sector vitivinícola non tan só debe ser un obxectivo para o sector, debe ser unha obriga colectiva e individual. Faise necesario desenvolver, de xeito coordinado e integral entre a Administración e os distintos axentes do sector un plan formativo e de fomento do emprendemento das mulleres no sector vitivinícola. Un plan que por medio de distintos programas facilite a incorporación da muller en tódolos ámbitos do sector: dende o traballo na viña ou na adega, até o desempeño de postos de responsabilidade nas empresas, organismos e entidades.

4.2. Axentes impulsores.

O Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica do sector vitivinícola Galego debe ter unha visión de País e require, polo tanto, o esforzo coordinado de todas as persoas e entidades que teñen algo que dicir nas actividades do sector.

- Administración:
 - Xunta de Galiza a traveso dos distintos órganos que conforman a administración autonómica: Consellerías, Entidades, Organismos e Empresas Públicas
 - Centros de Formación e Investigación: Universidades, Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA), Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo, Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia (Lafiga), Estación Fitopatolóxica do Areeiro (EFA), Centros de Formación Profesional, Misión Biolóxica de Galicia, etc.
 - Administracións locais:
 - Deputacións Provinciais
 - Concellos
- Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe, e a Axencia Galega da Calidade Agroalimentaria (AGACAL) como supervisora das Indicacións Xeográficas Protexidas.
- Organizacións profesionais e sociais
- Iniciativa privada: persoas autónomas e empresas con actividade na viticultura, enoloxía e comercialización



5. Epílogo.

Máis aló dos macroproxectos forestais, enerxéticos ou automovilísticos. Máis aló da plantación de 1.000 novas hectáreas de viñedo, ou o impulso de macro-plantacións, **o Goberno da Xunta de Galiza ten a responsabilidade de impulsar un ambicioso Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica para un sector fundamental para a industria agroalimentaria da Galiza, como é o sector vitivinícola Galego.**

É o momento de aproveitar a crise actual para sentalas bases dunha transformación e desenvolvemento do sector vitivinícola galego, definindo os obxectivos e estratexias de xeito consensuado con todos os axentes do sector, e defendendo a achega de recursos económicos, procedentes dos fondos do *Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR)*, diante do Goberno Central na distribución territorial e sectorial que este propoña para o conxunto do estado.

Do mesmo xeito **é unha responsabilidade do Goberno da Xunta da Galiza, o articular mecanismos que permitan o acceso a estes fondos á maior cantidade posible de iniciativas e proxectos** de explotacións vitícolas, adegas, cooperativas, comercio e distribución, etc. **Fronte aos macroproxectos débese priorizar a dinamización económica e social das pequenas e medianas empresas e/ou persoas autónomas,** daquelas zonas do rural galego con presenza dunha actividade vitícola, **xa que o conxunto destes promoverán unha maior cohesión económica, social e territorial.**

As iniciativas para a súa execución, en función dos obxectivos concretos de cada unha, deberán ser: públicas, privadas e mixtas.

Dende a Asociación Galega de Viticultura quérese, por medio desta achega, facer unha proposta de liñas e iniciativas de traballo encamiñadas á favorecer que o sector vitivinícola galego poida seguir sendo un dos motores necesarios para promover unha dinamización económico-social do noso rural, a partir dos seus recursos e da súa xente, e que xere riqueza para a súa xente e o conxunto da sociedade galega.

Marzo - 2021